

Bloque 2. Tema 8.

O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula do mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).

No século XVIII, o reino de Galicia mantivo a súa **importancia estratéxica na defensa do imperio colonial americano, fronte ao paso das armadas inimigas**, sobre todo inglesas. Ante esta situación, os Borbóns e os seus gobernos interviron en Galicia creando **novos servizos e institucións (como a Intendencia do Reino de Galicia e o Real Consulado)**.

A **matrícula do mar** foi un **sistema de recrutamento de tripulacións** para os buques da Armada, creado co obxectivo de garantir un persoal competente no seu manexo nun contexto de crecentes enfrontamentos navais polo control das rutas comerciais e das colonias. O sistema rexistraba a todas as persoas dedicadas ao mar, indicando a clase á que pertencían (mariñeiro, artilleiro, grumete...) para coñecer as súas habilidades. Os matriculados quedaban libres de quintas e de impostos municipais, pero podían ser chamados ao servizo da Armada ata cumprir 60 anos.

A primeira matrícula do mar foi a establecida en 1626 por Felipe IV de Habsburgo, pero non funcionou ben ata a posta en marcha das reformas borbónicas. En 1714 Felipe V de Borbón creou a Real Armada, unificando as numerosas armadas da época dos Austrias e os seus mandos, e no ano 1726 estableceu a división das costas españolas en tres departamentos marítimos (Ferrol, Cádiz e Cartaxena), así como as directrices dos comisarios de Mariña para o rexistro da xente do mar, medidas consolidadas en 1751. A extensión do litoral de Galicia e o elevado número de xentes relacionadas cos traballos do mar fixo que na segunda metade do século XVIII a rexión rexistrase a cuarta parte da matrícula das flotas españolas.

O **arsenal de Ferrol** foi moi relevante a nivel militar. Galicia, pola súa **situación xeoestratéxica**, converteuse para os Borbóns no lugar onde recibir ou rexeitar as flotas estranxeiras (especialmente as inglesas) que se dirixían a saquear as cidades costeiras españolas ou a capturar os barcos cargados de mercadorías procedentes de América. Ante esta situación, a meirande parte da costa galega foi reforzada con numerosas baterías e castelos. No ano 1726 Xosé Patiño, ministro de Felipe V, decidiu establecer en Ferrol a sede do **Departamento Marítimo do Norte** e unha das bases das Armadas reais. A partir de 1746, co marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a **construción dos modernos estaleiros e arsenal**, que convertiron a Ferrol na principal cidade de Galicia e en obxecto de admiración e desexo das potencias estranxeiras.

Para a formación dos mandos militares da Armada creouse, en 1776, a Academia de Gardamariñas. A chegada masiva de xente obrigou a engadir ao núcleo orixinario, o Ferrol vello, os novos barrios do Esteiro, para acoller aos traballadores, e o da Magdalena, ocupado principalmente por oficiais da Armada. No deseño deste último seguiu-se un trazado urbanístico a base de cuadrículas (o coñecido como “plano hipodámico”), moi do gusto dos arquitectos ilustrados.

Tamén foi moi importante a **apertura do comercio colonial**. A eliminación do monopolio do comercio colonial exercido por Sevilla, primeiro, e Cádiz, despois, favoreceu nesta ocasión a Galicia, especialmente á cidade da Coruña. No ano 1764, o goberno de Carlos III estableceu nesa cidade o ***Servizo de Correos Marítimos***, unha compañía estatal de buques encargada de levar a correspondencia ao porto de La Habana e, desde 1767, tamén ao de Buenos Aires. Tamén se podían transportar persoas e mercadorías, agás nos períodos bélicos, nos que se transformaban en navíos de guerra.

En 1765 o porto da Coruña foi autorizado tamén a ***comerciar directamente con América***. Ambas concesións contribuíron a favorecer o crecemento comercial e a renovación urbanística e portuaria da cidade (cabe destacar a restauración da Torre de Hércules a finais do século XVIII).